

PUBLICACIÓN

Asunto: Convocatoria 3 prazas Administrativo/a C1. (2025/E001/000025)

O 14.2.2026 o BOE publicou a convocatoria de 3 prazas de administrativos/as deste concello, dando un prazo de presentación de solicitudes de 20 días hábiles.

As bases da convocatoria publicadas no BOP do 5.2.2026, recollían que o prazo de presentación de solicitudes era de 20 días naturais.

O Concello dado este erro no anuncio do BOE, solicitou con anterioridade ao 14 de febreiro a anulación do indicado anuncio, aceptando o BOE dita anulación, publicando a súa vez un segundo anuncio erróneo, dando lugar a unha confusión no prazo e datas de presentación de instancias.

Ante este problema xurdido que pode crear indefensión e inseguridade xurídica, o Concello publicará un novo anuncio no BOE abríndose un novo prazo de presentación de solicitudes, ao procedemento de 3 prazas de Administrativo/a do Concello de Rianxo.

Rianxo, luns 16 de febreiro de 2026

O alcalde, Julián Bustelo Abuín